

## VI ENCONTRO DE ALUMNADO DAS ESCOLAS ASOCIADAS Á UNESCO

Rematamos o Encontro felices e coa sensación de que podemos aprender de moitas maneiras diferentes. Sen sillas, sen mestres/as, sen espazos rixidos. Aprendemos entre nós, respectándonos, escoitándonos, dialogando e aprendendo a facer.

Neste VI Encontro o alumnado de 2ºA e as mestras Mar, theacher Emma e Susi tivemos a oportunidade de representa ao noso centro, que xunto cos sete restantes abordamos diferentes temas.

Os cinco obradoiros foron diversos e entretidos. Presentamos o noso proxecto das "Patronas Mexicanas, vivimos a experiencia da relatividade co noso corpo, aprendemos que o Atlántico é moito máis cun océano, falamos dos nosos problemas e como resolvelos no obradoiro de Mediación e saímos a coñecer as Pontes de Pontevedra para coñecer un pouco do noso Patrimonio. Algúns grupos tivemos que facer este obradoiro dentro do Pazo de Cultura porque chovía; aínda así o obradoiro foi divertido e moi creativo.

Deixámosvos unhas imaxes. Moitas grazas por termos participado.



Organizándonos para iniciar esta aventura. Somos quen de facelo moi rápido.



Luísa, a coordinadora das Escolas Galegas explícanos a dinámica do Encontro.



O Encontro queda inaugurado.



Toca presentación ao grupo 1.  
Formado por Mariña, Alicia, Marcos  
e Fonsi ( o primeiro día non participa  
porque está con gripe).



O grupo 2: Claudia, Noa, Rodrigo e  
Gonzalo pensan sobre a  
relatividade.



O grupo 3: Pablo, Ángel e Lucía  
inspírense no ATLÁNTICO e crean as  
súas propias producións .



O grupo 4: Sara, Mayra, Mikel e  
Adán resollen os seus conflitos no  
obradoiro de Mediación



O grupo 5: Bassine, Ismael e Sabela  
escriben sobre a súa visita as Pontes

Durante o Encontro tamén houbo tempo para os xogos e para coller enerxías cun bo xantar.

